



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal —
www.fedgalmon.gal



CONVOCATORIA 2025 DE CURSO DE ÁRBITRO/A AUTONÓMICO DE ESCALADA DEPORTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO (HOMOLOGADO EEAM)



A Federación Galega de Montañismo (FGM) convoca, coa impartición da Escola Galega de Alta Montaña (FGM), un curso de formación e titulación para todos os/as federados/as galegos que estiveran interesados/as na labor de arbitrase nas competicións de escalada deportiva.

Este curso contará coa homologación da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME), a través da Escuela Española de Alta Montaña (EEAM), que servirá para que no futuro calquera titulado/a neste curso poda optar ás titulacións estatais correspondentes, xa que este curso é o primeiro chanzo, de nivel autonómico.

Dende fai anos, a FEDME require para optar á titulación estatal esta titulación autonómica (coa homologación da EEAM), así como experiencia previa no eido do arbitrase autonómico.

TITULACIÓN: "Árbitro/a Autonómico/a de Escalada Deportiva da Federación Galega de Montañismo"

OBXETIVO DO CURSO: dotar a Galicia dun cadro de árbitros/as coa formación técnica e titulación axeitada, para cubrir as necesidades de arbitrases nas distintas probas de escalada en Galicia.

COMPETENCIAS DA TITULACIÓN: aquelas que establece no Regulamento Oficial da FGM no eido da Escalada Deportiva, nas súas distintas modalidades de escalada en bloque, dificultade e de velocidade.

QUEN ORGANIZA E QUEN IMPARTE: organiza a FGM e imparte a EGAM. Coordina Joel Rodríguez Carracedo, árbitro FEDME de escalada.

PRAZAS OFERTADAS: máximo de 15 prazas presenciais, aínda que o número mínimo de alumnos/as para que se imparta o curso é de 10.

PREZO: O custe por alumno/a é de **90 €** e inclúe dereitos de participación no curso, dereitos de avaliación (1 convocatoria ordinaria), documentación, titorización das prácticas e título final para aprobados/as. Non inclúe aloxamentos nin manutención.

As posibles devolucións terán que ser solicitadas expresamente polos interesados/as nun correo-e a secretaria@fedgalmon.gal e terán dereito á devolución total da cota as persoas enfermas ou lesionadas que o comuniquen e envíen xunto un certificado médico oficial, asinado por un colexiado/a, indicando a imposibilidade de participar.

LUGAR E DATAS: o curso organizarase o 18 e 19 de xanerio de 2025 con enderezo en Vigo na propia FGM (aínda que en función da demanda a localización do curso poderá variar e se informará a todas as persoas inscritas por E-mail).

PARTE ON-LINE: como parte obrigatoria previa ao inicio do primeiro día do curso presencial de árbitro/a autonómico de escalada deportiva da FGM, todo o alumnado ten que participar e superar o curso on-line de "Personal de apoio" prevención do dopaxe: cursos educativos da comisión española para la lucha antidopaje



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
Escola Galega de Alta Montaña
Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17
Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal —
www.fedgalmon.gal



en el deporte (CELAD) que podes atopar na web do ministerio de educación, formación profesional e deporte <https://aulavirtual.celad.gob.es/> , e achegar o certificado de telo superado ao remate do primeiro día presencial.



CONTIDOS:

1. Estrutura federativa

- 1.1. Obxectivos: dar a coñecer ao alumnado a estrutura organizativa da Federación, as funcións de cada unha das áreas, estamentos e departamentos. Estatutos, sistemas de elección de cargos, etc.
- 1.2. Contidos: organigrama federativo, Estatutos, Regulamento internos, funcións.

2. Regulamento de Competición de Escalada Deportiva

- 2.1. Obxectivos: dotar ao alumnado do máximo nivel de coñecemento de cada un dos puntos do regulamento, as súas modalidades competitivas e as súas posibles interpretacións, analizando e estudando casos prácticos.
- 2.2. Contidos: modalidades // o espazo de práctica // o desenvolto das competicións // incidencias.

3. Deseño, marcaxe e seguridade dos percorridos

- 3.1. Obxectivos: saber valorar se o itinerario cumpre co regulamento.
- 3.2. Contidos: teórica e práctica.

4. Clasificacións e elaboración de actas.

- 4.1. Obxectivos: expoñer aos alumnado os distintos sistemas de toma de tempos existentes, elaboración de fichas das vías, elaboración de actas, uso de programas informáticos específicos, follas de reclamacións, etc,...
- 4.2. Contidos: inscricións, toma de tempos, fichas de percorridos, actas, uso de programas informáticos, follas e procedemento de reclamación.

5. Procedemento antidoping

- 5.1. Obxectivos: expoñer ao alumnado os distintos sistemas de control de doping que existen,



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Escola Galega de Alta Montaña

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal —

www.fedgalmon.gal



procedementos a empregar en cada caso, consecuencias do dopaxe nos deportistas, substancias dopantes e a súa procedencia, etc....

5.2. Contidos: casos prácticos de control de doping // procedementos empregados polos médicos do Consejo Superior de Deportes // actuación dun árbitro/a nunha competición na que se realice un control.

6. Entorno legal das competición

6.1. Obxectivos: dar a coñecer ao alumnado as responsabilidades que se adquiren como árbitro/a, que regulamentación deben de cumprir os organizadores, as leis que amparan e rixen o deporte, etc.

6.2. Contidos: lexislación deportiva en xeral // lexislación sobre Federacións.

7. Organización de competición

7.1. Obxectivos: o alumnado debe coñecer como é a organización dunha competición por dentro, a súa estrutura básica, as diferentes áreas que a compoñen, como deben marcarse os obxectivos, buscas de patrocinio, etc....

7.2. Contidos: organigrama básico da organización dunha competición // funcionamento das distintas áreas da organización da competición.

8. Protocolo de actuación ante un accidente

8.1. Obxectivos: dotar ao alumnado dos coñecementos básicos nos protocolos de actuación en caso de accidente (saber que deben facer, como actuar, a quen avisar, ...).

8.2. Contidos: protocolos de actuación // tipos de accidentes que se pueden producir durante el desarrollo de una competición // información básica sobre primeros auxilios.

9. Prácticas titorizadas

9.1. Obxectivos: afianzar os coñecementos adquiridos en situación real de competición.

9.2. Metodoloxía: participación como árbitro/a en prácticas nunha competición oficial baixo a supervisión do árbitro/a titular. Esta participación será en toda a competición (preparación, arbitraje e valoración/emisión de actas). Os alumnos terán un máximo de 2 anos para realizar as prácticas.

RELACIÓN DE PROFESORADO E MATERIAS que impartirán:

Nome do profesor/a	Currículo	Materias	Horas
	Curso on-line de dopaxe "Dopaje, lo que debes saber" AEPSAD	Control anti doping	4
Joel Rodríguez Carracedo		Entorno legal das competicións	1.5
		O perfil da titulación e competencias	
		Organización de competicións	3
		Cronometraxe, clasificacións e actas	
		Regulamento de bloque	5
		Regulamento de velocidade	
		Regulamento de dificultade	
		Reclamacións e sistema de apelación	1.5
		Regulamento disciplinario	



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
 Escola Galega de Alta Montaña
 Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17
 Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
 secretaria@fedgalmon.gal —
 www.fedgalmon.gal



Graduado en Ciencias de la Actividad física y deporte, Técnico deportivo de Escalada, Árbitro FEDME de escalada	Deseño das vías		2
	Materiais		3
	As zonas de escalada. Marcaxes		
	Seguridade dos percorridos		
	Mantemento da zona		1
	O eido federativo autonómico		1
Estatutos, estrutura federativa,...			
Antonio Rodríguez Pena	Enfermeiro. Técnico da EGAM	Primeiros Auxilios	1
Joel Rodríguez Carracedo	Árbitro FEDME	Prácticas titorizadas	2

PROCEDIMENTO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN: o alumnado terá que...

- Superar o curso online de “Personal de apoio” prevención do dopaxe, antes de rematar a fase presencial.
- Participar no 100% das sesións presenciais.
- Desenvolver e superar un exame tipo test no que se respondan un mínimo dun 70% de preguntas correctamente.
- Desenvolver e superar un exame tipo test tras visualizar un audiovisual de supostos prácticos que plantexen decisións arbitrais, no que se respondan un mínimo dun 70 % de preguntas correctamente.
- Realizar unhas prácticas de arbitraje satisfactorias (unha práctica de bloque e outra de dificultade).

REQUISITOS DE ACCESO:

- Estar en posesión da licenza federativa FEDME que cubra a práctica da escalada do ano en curso, 2025.
- Ter unha idade mínima de 18 anos no momento de finalizar as prácticas obrigatorias para a expedición do título. En caso de ser menor de idade no momento de realizar a solicitude de participación, esta terá que vir asinada pola/s persoa/s titoras do/da menor.
- Ter experiencia e coñecementos de escalada deportiva.

VALORARASE PARA PRIORIZAR O ACCESO: experiencia como competidor/a e participación en competicións // experiencia como árbitro/a colaborador en competicións diversas // o grado de dificultade de cada alumno/a en escalada adquirido a vista, ensaiada e en bloque // ser técnico/a de escalada ou alpinismo da E.G.A.M. ou monitor/a de escalada en rocódromo galegos // antigüidade na licenza federativa. O formulario de inscrición inclúe un campo para poder anexar un currículo resumido.

FORMA DE INSCRIPCIÓN: As persoas interesadas terán que cubrir o formulario telemático, engadir a documentación requirida e formalizar o pago en <https://fedgalmon.gal> e as prazas cubriranse por estrita orde de inscrición ata 2 xoves antes do inicio do curso.

Link inscrición: <https://fgm.playoffinformatica.com/InscricioWeb.php?idLliga=183>

Máis información: na Federación Galega de Montañismo, no tel. 986 208 758 ou na rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou nas direccións secretaria@fedgalmon.gal ou egam@fedgalmon.gal.